

CONCEPTOIMPORTE
EUROS:*Opcion B:*

Linguaxe 2 horas semanais.

Instrumento 1 hora semanal individual.

- Matricula 90,00 €

- Cuota mensual 40,00 €

Opción C:

Clases colectivas en grupos de 1 hora.

- Matricula 60,00 €

- Cuota mensual 20,00 €

Libre:

Instrumento 1 hora semanal individual.

- Matricula 60,00 €

- Cuota mensual 30,00 €.

Estas tarifas entraran en vigor o 1 de xullo de 2012, despois da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia, manténdose vixentes ata a súa modificación ou derogación”

As Neves, a 30 de maio de 2012.— O Alcalde-Presidente, Raúl E. Castro Rodríguez.

2012005518

* * *

PONTEAREAS**A N U N C I O**

Non tendose presentado reclamacións contra o anuncio publicado no BOP do 2 de abril de 2012,nº 46,de aprobación provisional das tarifas de auga e depuración no IPC dende agosto de 2009 a agosto de 2011 ,queda elevado a definitivas as seguintes taxas:

-TAXA DE AUGA*USOS DOMÉSTICOS*Mínimo ata 15 m³/mes 0,368 €/m³De 15 a 20 m³/mes 0,401 €/m³Máis de 20 m³/mes 0,435 €/m³*USOS COMERCIAIS*Mínimo ata 15 m³/mes 0,401 €/m³Máis de 15 m³/mes 0,423 €/m³*USOS INDUSTRIAIS E OBRAS*Mínimo ata 15 m³/mes 0,435 €/m³Máis de 15 m³/mes 0,512 €/m³*CONSERVACIÓN DE CONTADORES*

Cota por contador abonado/mes 0,212 €/ab.mes

OUTRAS TAXAS

Taxa de reapertura do subministro por corte de auga 40,91 €

Cota de conexión a rede de auga, por vivenda 180,30 €

-Taxa do Servizo de Depuración de Augas Residuais

USOS DOMÉSTICOSMínimo ata 15 m³/mes 0,222 €/m³De 15 a 20 m³/mes 0,245 €/m³Máis de 20 m³/mes 0,256 €/m³**USOS COMERCIAIS**Mínimo ata 15 m³/mes 0,222 €/m³Máis de 15 m³/mes 0,245 €/m³**USOS INDUSTRIAIS E OBRAS**Mínimo ata 15 m³/mes 0,222 €/m³Máis de 15 m³/mes 0,245 €/m³**OUTRAS TAXAS**

Cota de conexión a rede de sumidoiros, por vivenda 180,30 €

Ponteareas, 24 de maio de 2.012.—O Alcalde, Salvador González Solla.

2012005473

* * *

TOMIÑO**BASES E CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS A ENTIDADES
DE CARÁCTER SOCIAL DO CONCELLO DE TOMIÑO PARA O ANO 2012****ARTIGO 1. OBXECTO DA CONVOCATORIA.**

A presente convocatoria ten por finalidade apoiar e promover en réxime de concorrencia competitiva a concesión de subvencións entre as entidades de carácter social sen fins de lucro que reúnan os requisitos establecidos nesta convocatoria específica de subvencións, que desenvolven actividades para promover o benestar social dos cidadáns do Concello de Tomiño a través de accións ou actividades de prevención, asistencia, incorporación social, fomento e sensibilización da participación cidadán, dentro do ámbito de intervención de Servizos Sociais e que se realicen durante o ano 2012.

1.1- As subvencións poderán ser solicitadas para financiar actividades definidas como prioritarias no marco de actuación da área de Servizos Sociais do Concello de Tomiño. A tales efectos poderanse financiar os gastos das actividades enmarcadas en cada unha das seguintes áreas de actuación:

- Proxectos de atención a discapacidade
- Proxectos de atención aos menores
- Proxectos de apoio a dinámica familiar
- Proxectos de voluntariado social
- Proxectos a atención a toxicomanía
- Proxectos de prevención de situacións de violencia intrafamiliar
- Proxectos dirixidos á promoción da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes
- Proxectos de atención a inmigración
- Proxectos de atención a minorías étnicas